

O QUE PASABA EN 1991

NO MUNDO:



As tropas iraquís réndense á coalición internacional baixo o mando da ONU e abandonan Kuwait.

O presidente ruso Boris Yeltsin evita un golpe de Estado.

Eslovenia, Macedonia e Bosnia-Herzegovina votan pola súa independencia nun referendo.

Fidel Castro anuncia que os cubanos poden saír da illa.


As repúblicas bálticas de Estonia, Lituania e Letonia escíndense da CEI e obteñen a súa independencia.

Os 26 países integrantes do Tratado Antártico aproban o protocolo sobre protección xeral do medio ambiente da Antártida.

El 11 de decembro nace na cidade holandesa de Maastrich a Unión Europea.



EN GALICIA:




Creación da Escola de Imaxe e Son na Coruña.

Constitución da Comunidade de Traballo Galicia -Norte de Portugal.

Xesús Rábade Paredes publica: Blanca de Loboso.

O día das letras é adicado a Álvaro Cunqueiro.



EN ESPAÑA:




Miguel Induráin gaña o seu primeiro Tour de Francia.

Amedo e Michel Domínguez son condenados a 108 anos de cárcere por seis asasinatos frustrados cometidos polos GAL.

Madrid é o escenario da primeira reunión entre árabes e israelís para tratar sobre a paz en Oriente Medio.

EN ELVIÑA:



Curso 91-92

A campaña "Colabora na limpeza" desenvolveuse da seguinte maneira:

- 1.- Recollida de papeis no exterior.
- 2.- Plantación de novas especies no xardín polos alumnos de 3º BUP.
- 3.- Plantación da árbore da promoción de COU

91/92. Houbo unha solta de pombas mensaxeiras, traídas por un alumno do Centro.

Os alumnos de COU asisten á representación de teatro de "Comedias Bárbaras" e "Hamlet" polo Centro Dramático Nacional.

O día 18 de maio, inaugúrase o novo pavillón con amplas actividades deportivas como aeróbic, kárate, voleibol, baloncesto, tenis de mesa e badminton.

Excursión para visitar á Expo de Sevilla.

Das exposicións celebradas, destaca unha sobre os piñeiros, os soutos e as carballeiras.

